

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro do 2016

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do día 20 de decembro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 29 de novembro de 2016.
- 2º.- Licenzas de obra menor.
- 3º.- Comunicacóns previas (obra menor).
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Licenza de primeira ocupación.
- 6º.- Comunicacóns previas (actividades).
- 7º.- Aprobación inicial de cambio de sistema de actuación do solo URB-1 Villa Amalia.
- 8º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 29 de novembro de 2016.

SEGUNDO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JESUS VEIGA PAIS, con domicilio en Lamiño 30, Brión, na que solicita licenza para colocar plaquetas sobre o solado existente diante da vivenda de Lamiño 30, Brión, nunha superficie aproximada de 18 m².

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano UC2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 24 de novembro de 2016 (expediente 1795/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a cor e acabado das plaquetas sexa discreto, nunha cor similar á pedra da zona, gris ou terra.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Fernando Rugido Guzmán, que di actuar en representación de RICARDO SANTOS FREIRE, con domicilio en Mourentáns 31, Viceso, na que solicita licenza reparar a cuberta da vivenda de Mourentáns 31, Viceso, de 58 m², substituindo a tella existente por outra nova, sen incrementar o volume da cuberta.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 24 de novembro de 2016 (expediente 1797/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por ANTONIO CORNES CASAL, con domicilio en Brión de Abaixo 17, Brión, na que solicita licenza reparar a cuberta da vivenda de Brión de Abaixo 17, Brión, de 130 m², substituíndo a tella existente por outra nova sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 24 de novembro de 2016 (expediente 1796/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada pola AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, con domicilio na Estrada Santiago-Noia, Km 3, A Barcia, na que solicita licenza para colocar un cartel indicador que sinalice a ruta da lamprea, no lugar de Ons.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o cartel sexa colocado nas seguintes coordenadas: latitude: 42.900655 e lonxitude: -8.733574.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por YOESDAN HERNANDEZ SILES, con domicilio en Rúa Pardiñeiros nº7, 2ºG, Milladoiro, Ames, na que solicita licenza para pintar o exterior da vivenda de Pérros 42, Os Ánxeles, de 250 m² de superficie.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 30 de novembro de 2016 (expediente 1799/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que se pinte nunha cor da gama dos brancos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Gómez Portela, que di actuar en representación de OBRAS GALLAECIA SL, con domicilio na Praza de Europa nº3, 26E, Santiago de Compostela, na que comunica que van a realizar as seguintes obras nas vivendas de Guitiande 59 e Guitiande 60, Os Ánxeles, segundo memoria técnica asinada pola arquitecta Carmen Rey López, de data xuño de 2016, e documentación complementaria presentada no concello o 17.10.2016 (r.e. 4551) e 09.11.2016 (r.e.4892):

- Modificación da pendente de acceso ao garaxe e recollida das augas sen invasión do espazo público, segundo documentación presentada en data 09.11.2016.

- Peches, colocación de enreixado que nalgúns puntos pode superar o 1,80 metros de altura.

- Modificación da colocación dos cadros de contadores.

- Instalación de dispositivos de seguridade nos portalóns de acceso de vehículos.

- Arranxo das cancelas peatonais de acceso.

- Arranxo dos muros lindeiros sen aumentar altura.

- Arranxo das pendentes das ramplas de acceso ao garaxe, deixando libre no soto unha altura libre mínima de 2,20 metros e sen invadir espazo público para o seu desenrolo.

- Arranxo do pavimento exterior da parcela.

- Arranxo dos acabados de fachada, sen modificar o seu volume.

- Arranxo das cubertas engadidas ao final da obra.

- Arranxo de acabados interiores.

- Arranxo nas instalacións, sen deixar menos dunha altura libre de 2,20 metros no soto.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura libre do soto, superior neste momento á contida no proxecto que serviu de base para a concesión da licenza, non poderá ser, en ningún caso, inferior a 2,20 metros.
 - O muro de peche da parcela só poderá ser suplementado con celosía naqueles puntos nos que a súa colocación non supere unha altura total de peche de 1,80 metros.
- Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ESTRELLA TOME PAIS, con domicilio en Avd. Vicente Ramos 17, Os Ánxeles, na que comunica que vai reconstruír un muro de peche de 10 metros de lonxitude con arame na Avd. Vicente Ramos 17, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Na parte linceira coa estrada o peche afastarase a 8 metros do eixo da estrada.
- A altura máxima do peche será de 1,80 metros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALBINO SANTAMARINA ALONSO, con domicilio na Rúa Travesía da Peregrina nº3, 3ªA, Bertamiráns, Ames, de solicitude de licenza de obra para construír unha vivenda en Lamiño 65, Brión, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto José Manuel Iglesias Araújo, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07/06/2016 e documentación complementaria presentada o 03/11/2016 (r.e. 4806) e o 02/12/2016 (r.e. 5269).

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Manuel Iglesias Araújo, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07/06/2016 e documentación complementaria presentada o 03/11/2016 (r.e. 4806) e o 02/12/2016 (r.e. 5269).
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ROSA MARIA TABOADA REY e VICTOR JOSE PIÑEIRO GALLEGO, con domicilio na Avd. da Mahía 2, 3ºC, Bertamiráns, Ames, de solicitude de licenza de obra para construír unha vivenda en O Cabo 22, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado polo estudio de arquitectura Arrokaabe Arquitectos SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29/01/2016 e documentación complementaria presentada o 09/11/2016 (r.e.4913) e o 13/12/2016 (r.e.5381).

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo estudio de arquitectura Arrokaabe Arquitectos SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29/01/2016 e documentación complementaria presentada o 09/11/2016 (r.e.4913) e o 13/12/2016 (r.e.5381).
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela nin para o pozo de captación de augas, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito

ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 49,70 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 13 de decembro de 2016.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Alberto Blanco Rodríguez, que di actuar en representación de ANGEL VAZQUEZ GARCIA e AIDA REBECA FERNANDEZ GARCIA, con domicilio en Rúa Agrelo 6, 1ºC, Bertamiráns, Ames, de solicitude de licenza de obra para construír unha vivenda en Caxusa 15, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/10/2016 e documentación complementaria presentada o 28/11/2016 (r.e.5181) e o 19/12/2016 (r.e.5479).

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL2), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/10/2016 e documentación complementaria presentada o 28/11/2016 (r.e.5181) e o 19/12/2016 (r.e.5479).
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 27,00 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 19 de decembro de 2016.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA GARCIA LUEIRO e FRANCISCO JAVIER PIÑEIRO CASTRO, con domicilio na Rúa Patrocinio 11, Negreira, na que solicitan licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Mourentáns 56, Viceso.

Con data 03/12/2013 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a María García Lueiro e Francisco Javier Piñeiro Castro, para a construción dunha vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Arturo de Lorenzo González de data 02.05.2016, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (ACTIVIDADES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Luis Sampedro Bouzas, que di actuar en representación de COMERCIAL BASTAVALES SOCIEDADE CIVIL, con domicilio en Vioxo de Abaixo 9, Luaña, para o funcionamento da actividade dun local para o comercio polo miúdo de pensos, sementes, abonos, artigos de xardinería, ferretería, menaxe e fitosanitarios en San Salvador 17, San Salvador, achegando certificado final de obra do enxeñeiro técnico industrial Joaquín Tarrío Sedofoito, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais o 14/12/2016 (visado N° 2173/16-ST); certificado de cumprimento da normativa acústica e de

seguridade e solidez estrutural asinado polo arquitecto técnico Mario Miguel Carril Vázquez, e o informe favorable do concesionario dos servizos municipais de abastecemento de auga e saneamento.

O concelleiro José Luis Sampedro Bouzas abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local o 15.11.2016 concedeulle licenza de obra a Comercial Bastavales Sociedade Civil para acondicionamento dun local para o comercio polo miúdo de pensos, semillas, abonos, artigos de xardinería, ferretería, menaxe e fitosanitarios en San Salvador 17, San Salvador.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de comprobación con data 19.12.2016, toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a apertura do establecemento dedicado a comercio polo miúdo de pensos, semillas, abonos, artigos de xardinería, ferretería, menaxe e fitosanitarios en San Salvador 17, San Salvador.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Marina Ávila Mancebo, que di actuar en representación de BRINCAN CENTRO CANINO E VETERINARIO SLPU, con domicilio en Urbanización Hortensia 13, Os Ánxeles, para o funcionamento da actividade de residencia escola para a atención de animais domésticos, en Bastavaliños 43, Bastavales, achegando certificado final da obra e anexo ao mesmo sobre o estado final das obras, visados o 23.11.2016, asinados polo enxeñeiro agrónomo Gabino Grande Toro, onde figura o cumprimento das condicións acústicas e a xustificación da normativa sectorial e declaración expresa por parte do técnico de que se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade e que as instalacións cumpren as condicións de salubridade, seguridade e as demais previstas no planeamento urbanístico; certificado de eficiencia enerxética de edificio, informe do concesionario dos servizos de abastecemento e saneamento, copia do contrato con xestor autorizado e inscrición no rexistro de produtores e xestores de residuos.

A Xunta de Goberno Local o 30.09.2015 concedeulle licenza de obra a Marina Ávila Mancebo para construír unha residencia escola para a atención de animais domésticos, en Bastavaliños 43, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal, no que se sinala que consta realizada a visita de comprobación con data 14.12.2016, toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a actividade de residencia escola para a atención de animais domésticos, en Bastavaliños 43, Bastavales.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SETIMO.- APROBACIÓN INICIAL DE CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN DO SOLO URB-1 VILLA AMALIA.

Antecedentes:

Con data 3 de novembro de 2016 tivo entrada no concello unha solicitude subscrita conxuntamente pola SAREB (Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria), con CIF: A-86602158, e a entidade mercantil Inversiones Inmobiliarias Canvives SA, con CIF: B-85527604, na que despois de facer constar que o desenvolvemento do polígono do ámbito URB-1 Villa Amalia se atopa paralizado desde o ano 2013, e que non se pode levar a cabo ningunha actuación sen contar co propietario maioritario, Alsotri SL, con CIF: B-83344275, ínstase ao concello a que proceda á modificación do sistema de actuación establecido, substituíndo o actual de concerto polo de cooperación.

Por outra banda, consta que no Boletín Oficial do Estado do 29 de xullo de 2016, aparece que o propietario maioritario do ámbito foi declarado en situación de concurso voluntario no procedemento que se segue co núm. 906/15 diante do Xulgado Mercantil núm. 5 de Madrid, cesando as facultades do órgano de administración, e nomeando como administrador concursal a D. Jordi Albiol Plans.

Visto o informe do asesor xurídico urbanístico do concello do 19 de decembro de 2016, onde se informa:

1. O Plan Parcial do sector de solo URB-1 Villa Amalia foi aprobado en data 15 de novembro de 2005 e no mesmo estableceu unha soa etapa para a execución das obras de urbanización, fixándoa nun ano a contar desde a data de aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización, que tivo lugar en data 21 de agosto de 2006, despois da aprobación a instancia do propietario único do ámbito, Alsotri SL, do correspondente Proxecto de Equidistribución de propietario único en data 11 de maio de 2006.

2. A obra de urbanización iniciouse pouco despois da aprobación do Proxecto de Urbanización se ben máis adiante quedou paralizada e, despois da transmisión por parte de Alsotri SL de parte das parcelas de resultado a unha segunda entidade que finalmente foi liquidada no correspondente proceso concursal e, desta, a diversas entidades bancarias que adquiriron os seus activos, foi constituída unha Entidade Urbanística de Xestión, que continuou coa labor urbanizadora que, sen embargo, foi igualmente paralizada, atopándose as obras pendentes de remate e recepción.

3. A vista de canto se ven de expor, semella evidente que foron ultrapasados todos os prazos previstos para a execución da obra urbanizadora e que, constatado o fracaso da iniciativa privada para o desenvolvemento do polígono, resulta plenamente procedente a substitución do sistema indirecto por outro directo, de iniciativa pública, resultando acaído neste caso o sistema de cooperación.

Aínda que a nova Lei 2/2016, do solo de Galicia, e malia que nos artigos 112 e 113 reproduce, case textualmente, o contido dos artigos 127 e 128 da LOUG, eliminou as previsións, que si constaban na devandita lei, hoxe derogada, relativas aos cambios de sistema por incumprimento das previsións en materia de execución do planeamento, o Regulamento da Lei do solo, aprobado por Decreto 143/2016, si contempla expresamente no art. 285.2 in fine que o cambio de sistema indirecto a directo aplicárase nos supostos de incumprimento dos prazos para o cumprimento de deberes urbanísticos, como é o presente caso.

4. A modificación do sistema de actuación haberá de axustarse ao procedemento previsto no art. 112.2 da Lei do solo de Galicia e 285.3 do Regulamento, isto é, aprobación inicial, información pública durante un mes mediante publicación de anuncio no BOP e notificación aos propietarios afectados. No caso de Alsotri a notificación cursarase ao administrador concursal.

5. A modificación do sistema de actuación deberá conlevar a posterior disolución e liquidación da Entidade Urbanística de Xestión.

6. En conclusión, infórmase favorablemente a solicitude de substitución do sistema de actuación indirecto de concerto, polo sistema de actuación directo de cooperación, procedendo á aprobación inicial da devandita modificación, debendo seguirse os trámites procedimentais sinalados precedentemente.

A Xunta de Goberno Local, como órgano competente do concello para a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, por delegación da alcaldía do 10 de xullo de 2015, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar inicialmente o cambio do sistema de actuación do solo URB-1 VILLA AMALIA, pasando do sistema de actuación indirecto de concerto ao sistema de actuación directo de cooperación, a instancia de solicitude suscrita conxuntamente pola SAREB (Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria) e a entidade mercantil Inversiones Inmobiliarias Canvives SA, con rexistro de entrada no concello núm. 4805, de data 3 de novembro de 2016.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública por prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia e con notificación individualizada aos propietarios afectados, consonte co establecido nos artigos art. 112.2 da Lei do solo de Galicia e 285.3 do seu Regulamento. Finalizado o trámite de información pública, o concello aprobará definitivamente a modificación do sistema de actuación.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González